

ACTA COMISIÓN DE CALIDADE

Sesión do 25 de maio de 2016

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Comisión de Calidade, o mércores 25 de maio de 2016, ás 16.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (31 de marzo de 2016)**
- 2. Informe da Decana**
- 3. Debate e aprobación, se procede, da realización de tarefas de seguimento co alumnado egresado**
- 4. Aprobación, se procede, do Anexo 1 do Manual de Calidade**
- 5. Aprobación, se procede, do Plan Operativo de Información Pública e Rendemento de Contas (R1 DO-0301 P1)**
- 6. Rolda de intervencións**

- 1. Lectura e aprobación da acta anterior (31 de marzo de 2016)**

Apróbase a acta da sesión anterior por asentimento.

- 2. Informe da Decana**

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Desculpa a ausencia de Montserrat Iglesias (motivos familiares), María López (baixa médica) e Begoña Garrido (motivos laborais).
- Chegaron os resultados provisionais do Informe de avaliación do seguimento interno da calidade do centro. Tanto no Grao en Xeografía e Historia como no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural nos valoran cun Conforme con Excelencia. Deste xeito se recoñece o traballo desenvolvido.

Ábrese un prazo para facer alegacións; tras a lectura do informe, e o debate nesta Comisión, analizarase se é preciso realizar algunha.

- Informa que tanto ela como a secretaria do decanato están a facer un curso que organiza a Área de Calidade sobre acreditación das titulacións. Este curso é interesante de cara ao proceso de acreditación que imos ter o vindeiro ano.
- A decana informa que aínda que se está a traballar de forma continua nos aspectos relacionados coa calidade, aínda quedan aspectos que abordar. A idea é rematar coa actualización dos procedementos e pasar ao debate de aspectos concretos. A próxima acción será o plan de captación do alumnado que debe concretarse máis polo miúdo do que o temos, está proxectado traer un borrador para a próxima xuntanza e debatelo antes de aprobalo.

Antonio Presedo explica que se está a seguir a axenda do curso que recomenda a Área de Calidade e que nas accións que marca estase ao día.

- Informa que aínda está aberto ata o día 31 de maio o prazo para realizar as enquisas de satisfacción. No que respecta ao alumnado de grao vai respondendo bastante ben e o dos mestrados é máis remiso, pero dende a coordinación xa se activaron todos os medios posibles.

Toma a palabra Beatriz Comendador, como coordinadora de mestrado, e informa que no caso do alumnado de mestrado ten constancia de que hai xente que non responde porque hai cuestións de avaliación que non poden responder porque aínda non están avaliados; ela suxíreslle que inclúan esta información nun apartado reservado para as suxestións.

3. Debate e aprobación, se procede, da realización de tarefas de seguimento co alumnado egresado

A decana explica que non se teñen datos do que fixo ou está a facer o alumnado egresado. O ano pasado enviúselles un correo electrónico preguntándolles a que se estaban dedicando, pero contestaron poucos. Debido a esta escasa participación estase pensando en facer unha pequena enquisa telefónica.

Antonio Presedo di que pode ser máis doado que contesten as chamadas que aos correos.

Xosé María Eguileta manifesta a súa sorpresa polos cambios na universidade. Todos coinciden que na época que eles remataran sería impensable que alguén do centro se preocupara pola túa situación.

Apróbase facer o seguimento.

4. Aprobación, se procede, do Anexo 1 do Manual de Calidade

Debido a que na pasada reunión da Comisión de Calidade se validaron distintos procesos que xa foron aprobados en Xunta de Facultade, debemos de actualizar o anexo 1 do Manual de Calidade que reflicte a inclusión destes cambios.

Apróbase a modificación do Anexo 1 do Manual de Calidade.

5. Aprobación, se procede, do Plan Operativo de Información Pública e Rendemento de Contas (R1 DO-0301 P1)

O Plan Operativo de Información Pública é o rexistro da información que ten que ter pública o centro.

O plan aparece estruturado en tres niveis: O primeiro a información que a ACSUG considera necesaria que estea pública e que revisa nos informes de seguimento, o segundo o da Universidade de Vigo e o terceiro o do propio centro. En cada nivel vaixe excluindo os aspectos que se atopan no anterior. O obxectivo é que toda a información básica do centro e dos seus títulos sexa transparente e facilmente accesible por todos os grupos de interese.

Tras un breve debate, apróbase o Plan Operativo de Información Pública e Rendemento de Contas.

6. Rolda de intervencións

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 17.05 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas Álvarez

COMISIÓN DE CALIDADE

ORDINARIA
25/05/2016

ARRIBAS ÁLVAREZ, MCARMEN
COMENDADOR REY, BEATRIZ
DÍAZ ALONSO, XOEL
EGUILETA FRANCO, JOSÉ M^a
GARRIDO LABRADOR, BEGOÑA
GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT
LÓPEZ DÍAZ, MARÍA
LÓPEZ LÓPEZ, MARTA
PRESEDO GARAZO, ANTONIO
REAL LÓPEZ, ARTURO
REBOREDA MORILLO, SUSANA
SÁNCHEZ FERRO, PABLO
UÑA ÁLVAREZ, ELENA DE
VAQUERO DÍAZ, BEATRIZ

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
SI	
SI	
	NO
SI	
	SI
	SI
	SI
	NO
SI	
	NO
SI	
	NO
SI	
SI	